

Recurso nº 138/2018

Resolución nº 125/2018

**RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 13 de decembro de 2018.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por D. P.J.C.C. actuando en nome e representación de SASEGUR S.L. contra a adxudicación do contrato de servizo de vixilancia e seguridade das instalacións e dependencias da Fundación Instituto Ferial de Vigo, este Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adiante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Pola Fundación Instituto Ferial de Vigo (IFEVI en adiante) convocouse a licitación do contrato de servizo de vixilancia e seguridade das súas instalacións e dependencias, cun valor estimado declarado de 602.000 euros.

Tal licitación foi obxecto de publicación no perfil do contratante o día 08.03.2018.

Segundo.- Segundo o expediente da licitación, a mesma estivo sometida ao texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro (TRLCSP, en adiante).

Terceiro.- O recorrente impugna o acordo de 05.11.2018 que adxudica o contrato á empresa ALCOR SEGURIDAD S.L. ao entender que a súa oferta incorre en

baixa temeraria segundo o previsto no artigo 152 do TRLCSP e, ademais, que a mesma é inviable.

Cuarto.- O 27.11.2018 SASEGUR S.L. interpuxo recurso especial en materia de contratación, a través do formulario telemático existente a tal fin na sede electrónica da Xunta de Galicia e na web do TACGal.

Quinto.- Con data 28.11.2018 reclamouse a IFEVI o expediente e o informe ao que se refire o artigo 56.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante, LCSP). A documentación foi recibida neste Tribunal o día 04.12.2018.

Sexto.- Trasládouse o recurso aos interesados con data 04.12.2018, recibíndose alegacións da empresa ALCOR SEGURIDAD S.L.

Sétimo.- O 05.12.2018 o TACGal decide manter a suspensión automática establecida no artigo 53 LCSP.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Ao abeiro do artigo 35 bis. 5 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- En virtude do disposto na Disposición Transitoria Primeira.4 LCSP o presente recurso tramitouse conforme os artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

Terceiro.- Sendo notificado o acordo de adxudicación o día 06.11.2018, o recurso foi interposto en prazo.

Cuarto.- Impúgnase o acordo de adxudicación dun contrato de servizos superior a 100.000 euros dunha Fundación pública, poder adxudicador en definitiva, polo que o recurso é admisible neses aspectos.

Quinto.- En canto á lexitimación do recorrente, o seu recurso indica que ten a condición de “interesado”, como partícipe na licitación. Ao respecto, debemos indicar o seguinte.

A entidade recorrente foi a terceira clasificada no procedemento de licitación, tal e como consta no acordo de adxudicación de data 24.10 2018. E o recurso presentado diríxese exclusivamente contra a oferta finalmente adxudicataria, por entender que a mesma é inviable, sen realizar ningunha consideración sobre a segunda clasificada.

Polo tanto, a estimación do seu recurso en nada melloraría a súa posición na licitación, xa que en ningún caso adquiriría a condición de adxudicataria, polo que, non obtendo ningún beneficio na súa esfera xurídica coa estimación da súa impugnación conclúese que carece de interese lexítimo e, polo tanto, de lexitimación, polo que procede a inadmisión do recurso.

Sexto.- En todo caso, e para esgotar os argumentos do debate, referirémonos aos motivos de impugnación alegados no recurso.

O argumento principal da recorrente é que a oferta da adxudicataria incorre na situación de anormal ou desproporcionada segundo o previsto no artigo 152 do TRLCSP e no artigo 85.3 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas, algo ao que se opoñen tanto o órgano de contratación como o adxudicatario, ALCOR SEGURIDAD S.L., nas súas alegacións.

O prego de condicións na súa cláusula 6, criterios de adxudicación, sinala o seguinte:

“Criterios cuantitativos(proposición económica): Se ponderarán con un máximo de 70 puntos,de acuerdo con los siguientes criterios:

o Precio para el servicio ordinario y permanente de seguridad y vigilancia (24hx365días): Se valorará con un máximo de 40puntos. Se otorgará la máxima



puntuación a la oferta más económica, valorándose las demás proporcionalmente con aquella y de acuerdo con la siguiente fórmula:

$40 \times (\text{presupuesto de licitación} - \text{oferta presentada}): (\text{presupuesto de licitación} - \text{oferta más económica}).$

Para los efectos de lo dispuesto en el artículo 152 del TRLCSP, se considerarán ofertas con valores anormales o desproporcionados las que se encuentren en los supuestos previstos en el artículo 85 del Real Decreto 1098/2001, de 12 de octubre, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, en función de las ofertas válidas presentadas.

o Precio/hora para el servicio extraordinario y eventual para certámenes (precio/hora para vigilante y para auxiliar-controlador): Se valorará con un máximo de 10 puntos (5 puntos para cada categoría). Se otorgará la máxima puntuación al precio/hora para cada categoría más económico, valorándose las demás proporcionalmente con aquella y de acuerdo con las siguientes fórmulas:

$5 \times (\text{precio/hora base de vigilante} - \text{precio/hora vigilante presentada}): (\text{precio/hora base de vigilante} - \text{precio/hora vigilante más económica})$

$5 \times (\text{precio/hora base de auxiliar controlador} - \text{precio/hora auxiliar controlador presentada}): (\text{precio/hora base de auxiliar controlador} - \text{precio/hora auxiliar controlador más económica})$

o Canon variable: Se ponderará con un máximo de 20 puntos.

Para la ponderación del canon variable, se valorarán con cero (0) puntos aquellas ofertas que propongan como canon variable el porcentaje mínimo del 5% establecido en este Pliego de Condiciones, y con 20 puntos la oferta que proponga el mejor porcentaje de canon variable. La puntuación otorgable a las restantes ofertas cuyo canon propuesto se encontrare comprendido dentro de este tramo se realizará mediante un cálculo proporcional.

Para la asignación de las puntuaciones respecto de los criterios cuantitativos anteriormente señalados, se aplicará en las fórmulas los importes y precios sin incluir el IVA. “

Da lectura desta cláusula apreciamos que o prego de características fixa con claridade as condicións para apreciar a desproporcionalidade dunha oferta económica

indicando que se calculará respecto ao prezo/hora para o servizo ordinario e permanente e conforme ás regras fixadas no artigo 85.3 do RD 1098/2001.

Con todo, o recorrente, no seu escrito, para chegar a apreciar a temeridade na oferta da empresa adxudicataria non se axusta ao establecido nos pregos da licitación. Así, no lugar de referirse ao prezo/hora polos servizos ordinarios, tal e como fixan os pregos, toma como referencia o prezo polos servizos extraordinarios. E a continuación, a ese prezo aplícalle unha redución correspondente á porcentaxe ofertada por cada licitador como canon variable, para chegar ao que denomina no recurso “*prezo efectivo*”, concepto totalmente alleo ás condicións establecidas nos pregos da licitación.

Como é sobradamente coñecido, os pregos da licitación foron aceptados polos licitadores ao presentar as súas ofertas e sendo os mesmos a lei do contrato, o seu contido vincula ao órgano de contratación e aos participantes no procedemento. Polo tanto, SASEGUR S.L. non pode pretender, no momento en que coñece que non é adxudicatario, modificar as condicións da licitación para introducir uns parámetros de temeridade distintos dos establecidos nos pregos, e como tales, tidos en conta polos licitadores no momento en que formularon as súas ofertas.

Unha vez determinado que a oferta da adxudicataria non se atopa incurso en presunción de ser considerada como desproporcionada, e non alegándose incumprimento do establecido nos pregos da licitación, xa non proceden máis análises sobre a súa viabilidade económica. Nese sentido, tampouco procedería estimar o argumento do impugnante que cifra unhas supostas perdas anuais derivadas da oferta da adxudicataria en base unicamente aos propios cálculos parciais da recorrente.

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Inadmitir** o recurso interposto por SASEGUR S.L. contra a adxudicación do contrato de servizo de vixilancia e seguridade das instalacións e dependencias da Fundación Instituto Ferial de Vigo.

2. Levantar a suspensión acordada no seu día.

3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.